

Presente e futuro do artigo 32, n.º 5, do Estatuto dos traballadores

Secretario do Xulgado do Social
n.º 1 da Coruña

Agustín Ignacio Pena López

1. *Introducción*

O profesor Majada, na súa coñecida obra *Práctica concursal*, considera que, *sen derogación expresa*, o artigo 32 do Estatuto dos traballadores, (que é lei especial e posterior non o esquezamos), “modifica substancialmente, non o esquezamos os artigos 1.136 e 1.140 da Lei de axuizamento civil sobre quita e espera, o artigo 1.173 da propia lei sobre o concurso de acredores, tamén aplicable ás crebas, os artigos 1.375 e 1.379 desta lei en canto ás crebas, así como os artigos 913 e 914 do Código de comercio e 1.924 do Código civil, sobre prelación de créditos, ademais dos artigos 15 e 22 da Lei de suspensión de pagamentos”.

É máis, Alonso Olea afirma que o defecto maiúsculo da redacción do artigo 32 é non ter ido á modificación dos artigos pertinentes dos códigos civil e de comercio.

O propio Estatuto dos traballadores parte da base de que a normativa contida nos apartados 1, 2 e 3 do seu artigo 32 incide sobre a mesma materia regulada pola Lei de axuizamento civil, o Código de comercio e mesmo o Código civil, sendo o propio lexislador o que establece a prelación normativa, cando no número catro do citado artigo 32 di “as preferencias recoñecidas nos números precedentes ós créditos salariais serán de aplicación tanto no suposto de que o empresario iniciase un procedemento concursal como en calquera outro no que concorran con outro ou outros créditos sobre bens do empresario”.

O artigo 32 do ET, que é, pois, a norma aplicable a esta materia, nos seus números 1, 2, e 3, define a preferencia salarial en canto tal, é dicir o seu aspecto substantivo ou material. Neles configúranse os tres graos que a preferencia adopta: 1º o superprivilexio (para os salarios dos últimos trinta días); 2º o privilexio especial refaccionario (sobre o valor dos obxectos elaborados polos traballadores;) e 3º o privilexio xeral ordinario (que cobre o resto dos supostos). Pero, nos seus números 4 e 5 contén unha segunda orde de previsións de marcado carácter procesual: abórdase neles o referente ó exercicio procedementa do privilexio, e principalmente, o discutido asunto da viabilidade das execucións laborais coetáneas a un proceso concursal.

No presente traballo tratarase de analiza-lo contido do número 5 do devandito artigo, “as accións que poidan exercita-los traballadores para o cobramento dos créditos ós que se refire este artigo non quedarán en suspenso pola tramitación dun procedemento concursal”. Esta garantía adicional dos privilexios salariais contidos nos números 1, 2 e 3 do citado artigo mereceu cualificacións do seguinte estilo: “a vertente máis controvertida do privilexio salarial; é censurada por un importante sector doutrinal e rexeitada polos proxectos de lei concursal” (Ríos Salmerón), ou a máis gráfica de Alonso Olea: “atormentada materia”. Con estas expresións tan rotundas de autores consagrados, podemos facernos unha idea da complexidade do tema que, na medida do posible, pretendo aclarar.

Esencialmente, con este precepto trátase de potencia-la efectividade duns mecanismos de garantía do salario que, como regra xeral, operan a través da técnica da liquidación coactiva de bens do debedor, mediante un sistema de máxima flexibilidade na execución dos bens do empregador, que só se pode lograr eximindo o traballador de someterse a “longos e complicados trámites” –en palabras do noso TS–, típicos dun procedemento concursal. É dicir, non só se trata de outorgarlle ó crédito sala-

rial unha cualidade especial que o fai particularmente resistente fronte a outros créditos fortemente garantidos nos supostos de concorrencia de acredores. Non se pode falar, máis que de xeito amplo ou impropio, de "privilexio" vinculado ó crédito salarial (de feito a noción de privilexio, na súa acepción restrinxida, vincúlase coa idea de preferencia para o cobramento de certos créditos en concorrencia con outros, e polo tanto constitúe un presuposto; unha premisa do procedemento ulterior de execución na que o privilexio se fai valer, segundo Díaz Picazo).

Como no caso do privilexio en sentido estricto, coa garantía de satisfacción separada do crédito trátase de rompe-lo principio de igualdade de trato entre os acredores. Pero iso ten lugar noutro plano distinto do simplemente substantivo; desenvólvese a regra no plano procesual, liberando o crédito salarial da forza de atracción dos procedementos concursais. En consideración con esta mecánica regulada no artigo 32.5 ET, díxose da garantía de execución separada que constitúe unha fórmula particularmente eficaz de ruptura do principio de *par conditio creditorum*, e este é o punto de conexión coa máis ampla serie de fórmulas, a finalidade das cales é diferenciar para igualar, tan típica do dereito do traballo.

Entrando máis na técnica empregada para acadar esta finalidade diferenciadora, debemos dicir que se trata dunha garantía de índole estrictamente procesual, non substantiva, como pola contra ocorre cos privilexios salariais en sentido estricto, regulados nos apartados 1, 2 e 3 do artigo 32 ET. Por conseguinte, esta modalidade de garantía só tende a logra-la axilidade no cobramento dos créditos, sen prexulgar se o devandito cobramento procede ou non.

A cualificación xurídica desta garantía, como tal e separada doutras que acompañan o crédito salarial, é dubidosa aínda na nosa doutrina. Desde logo, presenta semellanzas con algunhas institucións xa previstas no dereito de crebas; o chamado dereito de separación sería a figura típica, a pesar de que nos supostos comúns existe unha clara concreción do ben afecto ó aboamento do crédito favorecido por ela. Por esta razón, a semellanza sería aínda maior en relación coa institución regulada no artigo 9 da Lei de suspensión de pagamentos, en canto permite que continúe "os xuízos ordinarios e executivos en que... se persigan bens especialmente hipotecados ou peñorados", así como "os embargos e administracións xudiciais" que puidesen estar en marcha sobre bens implicados na garantía real, e en ámbolos casos, a pesar de que se iniciase o procedemento de suspensión de pagamentos.

Non obstante, tal como se deseñou no ET, e como interpretou a doutrina máis atenta, o crédito laboral queda liberado de toda necesidade de considera-la existencia do procedemento concursal, podendo perfectamente facerse efectivo á marxe daquel, mentres está tendo lugar, e sen que os créditos dos traballadores deban someterse –polo menos no referente á esencia mesma desta garantía– a ningún trámite relacionado co procedemento concursal, nin sequera a insinuación do crédito e o seu recoñecemento na masa do pasivo, que en cambio son precisos nos supostos antes descritos. Por iso se abriu paso (tomando o termo italiano) a cualificación deste dereito como “situación de autonomía”, en canto pon de relevo esa esencial independencia respecto dos procedementos colectivos da tramitación das accións para o cobramento dos salarios, e na execución posterior da sentenza que recoñeza os devanditos créditos. Aínda que a expresión suscitase reservas, podemos ver nela de forma extremadamente gráfica, o perfil esencial da garantía da que estamos a falar, manifestado neste peculiar trazo, non xa de independencia, senón de plena intanxibilidade do procedemento destinado a facer efectivo o crédito, polo simple inicio doutro concorrente de natureza concursal (tal e como, acertadamente, afirma a profesora Fernández López).

Por último, debemos sinalar que, como a nosa xurisprudencia tivo ocasión de reiterar, o dereito de execución separada non é unha cualidade inherente ó privilexio, que se pode facer valer perfectamente sen recorrer a ela. Acompaña, é certo, e con suma utilidade, pero conceptualmente non é necesario; nin sequera sería necesario practicamente se no noso ordenamento se acometese dunha vez a necesaria reforma que axilizase e abreviase os procedementos concursais. Neste sentido, é equivocado interpretar-lo artigo 32.5 ET como unha garantía substancial e definitiva para a satisfacción coactiva dos salarios. Iso non é así porque a participación dos traballadores nun procedemento concursal non ten efectos paralizadores sobre a súa acción de execución, que só tenderá a desenvolverse noutro procedemento, sometido ás súas regras (así se reiterou nalgunhas sentencias dictadas en datas relativamente temperás respecto da entrada en vigor do ET: a execución, tramitada a través do procedemento concursal non se suspende de ningún xeito, “a acción executiva non sofre suspensión no seu exercicio, senón que mantén a súa eficacia noutro proceso, onde se terán en conta a súa natureza e contido para recoñece-la eficacia do privilexio –SSTC do 31 de outubro do 83 e do 16 de setembro de 1983–).

2. *Créditos que alcanza a ejecución separada: salarios e indemnizaciones*

A primeira cuestión que se pode abordar desde esta perspectiva é a referida ó xénero de créditos que poden ser protexidos a través do dereito de execución separada. Trátase, e convén anticipalo dende agora, dunha cuestión que no seu momento provocou unha interesante polémica doutrinal, que co tempo se foi calmando gracias á xurisprudencia, se ben esta polémica se resolveu coa actual redacción do último parágrafo do número 3 do artigo 32 ET. Non obstante, pola súa importancia, faremos un breve repaso do problema.

Os datos iniciais son de todos coñecidos: a antiga redacción do artigo 32.5 reserváballe-la garantía de execución separada unicamente ás accións que os traballadores poidan exercer para o cobramento dos seus salarios, e iso provocaba, nunha interpretación literal da norma, unha automática restricción do ámbito operativo da garantía: só podería continuar se a execución singular, nos supostos en que se iniciasen procedementos concursais, en relación coas débedas que tivesen estricta natureza salarial. As prestacións económicas non salariais que o traballador puidese esixir do empregador con ocasión do contrato de traballo debían, por conseguinte, incorporarse ó concurso. Incluso se puidesen ser recoñecidas conxuntamente coas prestacións salariais nunha determinada sentenza; respecto delas, o procedemento de execución singular deviña inadecuado, pola virtualidade da regra de suspensión de accións de natureza individual, que era a premisa indispensable de todo procedemento concursal. Esta foi a interpretación dominante dalgúns dos primeiros comentaristas da lei, e desde logo foino tamén na xurisprudencia que interpretou o artigo 32.5 nos primeiros anos de vixencia do ET, axudada para iso pola noción restrictiva do salario que predomina no noso ordenamento e que vén recollida no artigo 26 ET.

A transformación, en sentido amplo, do alcance da garantía de execución separada sobreviviría nun prazo relativamente breve e, como se apuntou, nela tivo un papel dominante a doutrina do TS, que, facendo uso dos criterios fixados no artigo 3.1 do cód. civ., e aplicando unha lóxica interpretación extensiva da lexislación social, estableceu que as indemnizacións por cesamento merecían o mesmo nivel de protección cós salarios. Deixando a un lado antecedentes máis remotos, e as excepcións na liña xurisprudencial dominante, practicamente dende 1983, en interpretación do artigo 32.5 do ET, o TS sostivo que a garantía de execución separada afecta tamén ás indemnizacións, a certo tipo

de indemnizacións polo menos: as derivadas das extincións do contrato de traballo por despedimento en calquera das súas modalidades e por resolución do contrato de traballo por vontade do traballador fundada nun incumprimento do empregador (artigo 50 ET). Así, na famosa Sentencia do 28/1/83, do TS, Sala Especial de Conflictos Xurisdiccionais, "o artigo 32 ET converte os traballadores para o cobramento dos seus créditos laborais, en acredores superprivilexiados (número 1), privilexiados especiais (número 2) ou privilexiados xerais (número 3), conferíndolles un dereito de separación absoluta no aspecto procesual análogo ó que o noso ordenamento positivo lles outorga ós acredores peñoraticios, por hipoteca naval, etc..., os créditos do cal non quedan afectados pola suspensión dos actos de execución", á que lle seguiron outras sentencias, todas elas da Sala Social: SSTs do 30/6/87, 13/7/88, 27/7/88, 15/12/88, 3/10/90, 25/2/90, 24/7/90 e 22/11/91. Apoian tamén o dito criterio diversas resolucións da Sala Especial de Conflictos do TS: Sentencias de 10/5/84 e en 26/2/90; e autos do 24/1/86, 16/10/86, 12/6/87, 30/1/89, 22/10/91, 27/6/92, 25/6/93 e 6/7/94.

A Sala do Civil do TS, pola súa parte, ata datas recentes, coincidía con esta interpretación mantida pola xurisdicción social (así nas sentencias do TS do 12/11/81, 12/12/89, 20/11/90, entre outras). Pero, a partir da Sentencia do 25/1/91, cambia de criterio e considera que as indemnizacións por despedimento ou por cesamento non constitúen créditos salariais. A contradicción así aberta entre ámbalas salas é recoñecida polo fundamental auto da Sala de Conflictos do TS, do 27/6/92, que se pronuncia a favor do carácter salarial dos créditos e continuación da execución separada.

Os argumentos que fundaron esta importante ampliación do teor do ET centráronse en torno a tres eixes:

a) o eixe fundamental, deriva da interpretación conxunta dos artigos 32 e 33 ET. Deste xeito segundo o TS, é posible deducir unha noción ampla de salario a efectos de garantía do crédito "do disposto no artigo 33 ET que, despois de dispoñer no seu apartado 2 que ó FGS lle corresponde aboar indemnizacións recoñecidas en favor dos traballadores por causa de despedimento ou extinción dos contratos, conforme ós artigos 50 e 51 ET, establece, no seu apartado 4, que para o reembolso das cantidades satisfeitas o FGS se subrogará nos dereitos e accións dos traballadores, conservando o carácter de créditos privilexiados que lles confire o artigo 32. Tal mención ó privilexio ofrece un valor que ... supera o simplemente interpretativo para alcanzar un valor normativo". A consecuencia do anterior, é posible con-

siderar que neste terreo se manexa unha noción máis extensa de salario da que se deduce do artigo 26 ET. É como se a noción de salario fose mudable, alterable, segundo para que se manexa, sempre que exista unha base legal para desmonta-lo concepto estricto do artigo 26 ET, que así, é unha regra xeral, pero admite excepcións.

b) Aunque case de pasada –quizais porque o propio TS é consciente da debilidade do seu argumento– utilízase o referente histórico, centrado no texto, sensiblemente máis amplo –pois quedaba referido “ós créditos por salarios ou conceptos substitutivos do salario gañado polo traballador”– utilizado no inmediato precedente da Lei de relacións laborais.

c) A resolución do conflito por parte da Sala Especial de Conflictos do TS, en virtude do auto do 27/6/92.

Pero, como sinala a profesora Fernández López, no seu importante estudio sobre este tema “ningún dos argumentos esgrimidos resulta convincente porque, como se viu a orixe legal de todos eles descansa nunha interpretación conxunta dos artigos 32 e 33 ET, que non resulta crible. A referencia do artigo 33 ás condicións en que o FGS se subroga nos créditos do traballador que anticipou, asumindo a condición de acredor privilexiado –polo menos se se mantén unha noción estricta do que sexa o privilexio, como cualidade do dereito de crédito– ha de entenderse feita á parte substantiva do precepto, que é, xustamente, a que define os privilexios que acompañan o crédito calquera que sexa o suxeito que o esgrima. A execución separada, en canto garantía adicional e non exactamente coincidente, senón adxunta ó privilexio, non está incluída entre as cualidades do crédito en que o FGS se subroga. Polo menos, ante a ausencia de referencia expresa da norma a este efecto secundario da subrogación”.

Noutras palabras: unha cousa é o grao de protección que o crédito teña nos casos de colisión con outros créditos, e outra, moi distinta, a fórmula procesual a través da cal esa protección traducida en preferencia, deba facerse valer. O privilexio segue sendo nos procesos concursais, de aí que a expresión utilizada polo artigo 33 ET non prexulgue nada acerca de se o conxunto de garantías que se lle outorgan ó FGS comprende tamén a execución separada. E, desde logo, dá que pensar en sentido contrario a necesidade de que, para o cobro das prestacións do FGS, os traballadores deban insinua-los seus créditos na masa pasiva (artigo 16 RD 505/85) para non prexudica-lo dereito posterior do FGS a resarcirse. E os antecedentes do precepto falan máis ben en sentido contrario ó afirmado polos nosos tribunais: téñase en conta que nunha interpretación minimamente siste-

mática daqueles, non pode desdeñarse o cambio terminolóxico operado polo artigo 32 ET respecto do seu inmediato precedente –no que si se empregaban expresións que permitían esta operación ampliadora porque era a propia Lei de relacións laborais a que a realizaba–.

Tampouco o auto da Sala de Conflictos do TS do 27/6/92 resolve o tema, xa que as resolucións desta sala só teñen eficacia sobre o caso concreto, sen que a doutrina que sentan teña carácter unificador que veña corrixi-la dispersión xurisprudencial nesta materia.

Visto o estado da cuestión, era necesario dar unha solución e esta debería buscarse na raíz última das contradicións xurisprudenciais: a insuficiencia normativa da prelación dos créditos laborais. E así se fixo no contexto da recente reforma laboral.

Como é sabido, o artigo 32 do ET, na súa anterior redacción, levaba por título “Garantías do salario”, o que, de por si, xa establecía unha primeira premisa en contra da inclusión das indemnizacións, tendo en conta a definición que do salario se contiña no artigo 26 do mesmo estatuto. Esa conclusión inicial confirmábase ó longo dos seis apartados do citado artigo 32, en ningún dos cales se contiña a menor referencia a outros créditos que non fosen os salariais.

Tal inexistencia de calquera referencia no dito artigo 32 a outros créditos que non fosen os salariais era apreciable, pois, tanto no relativo á consideración como créditos privilexiados, como no relativo ó recoñecemento do dereito de execución separada, especificamente considerado no parágrafo 5 do citado artigo.

O proxecto de Lei 11/94 remitido polo Goberno consideraba a modificación do parágrafo 3 do artigo 32, que pasaría a estar redactado así: “os créditos por salarios non protexidos nos números anteriores, sempre que a súa contía non supere o dobre do salario mínimo interprofesional, así como as indemnizacións por despedimentos, que non superen a contía fixada legalmente, calculados sobre unha base que non supere o mencionado duplo do salario mínimo, terán a condición de singularmente privilexiados e gozarán de preferencia sobre calquera outro crédito, excepto os créditos con dereito real, nos supostos en que estes, de acordo coa lei, sexan preferentes”.

É claro que con esta modificación se viña consagrar legalmente o criterio xurisprudencial maioritario, estendendo a protección ás indemnizacións por despedimento, se ben, tanto a estas como ós créditos salariais estrictos, aplicábaselles a limitación do duplo do salario mínimo.

Sen embargo, esa modificación do proxecto de lei, con ser

crucial verbo de pecha-la polémica xurisprudencial, resultaba parcial por canto a modificación do apartado 3 do artigo 32, exclusivamente prevista no inicial proxecto de lei, só estendía a condición de crédito singularmente privilexiado ás indemnizacións, pero non lles recoñecía a estas o dereito de execución separada regulado, como dixemos, no apartado 5 e que se refería “as accións que poidan exercita-los traballadores para o *cobramento dos salarios* que lles poidan ser adebedados non quedarán en suspenso pola tramitación do procedemento concursal”.

Por iso, na tramitación parlamentaria e fundamentalmente baseándose nas emendas presentadas polo Grupo de Izquierda Unida - Iniciativa per Cataluña, conseguiuase acordo en torno ó texto definitivo do proxecto, que pasou a darlles nova redacción ós apartados 3, 4 e 5 do artigo 32, consagrando deste xeito a extensión da condición de crédito singularmente privilexiado ás indemnizacións, incrementando o tope cuantitativo do duplo ó triplo do salario mínimo y ampliando a redacción do apartado 5 “ás accións que poidan exercita-los traballadores para o cobro dos créditos ós que se refire este artigo”, créditos que xa non son só os salariais estrictos, senón tamén os indemnizatorios referidos expresamente na reforma do apartado 3 do citado artigo 32.

Así pois, parece claro que con esta modificación se consagrou legalmente o importante avance no seu día introducido pola xurisprudencia e sentáronse as bases para o peche definitivo dunha polémica que acredita a viveza do dereito laboral e o protagonismo dos tribunais na súa realización cotiá. Cabe resaltar que o dito criterio xurisprudencial, hoxe consagrado legalmente na nosa lexislación nacional, é o contido en normativa internacional, en concreto no Convenio 173 da OIT adoptado o 23/06/92, actualmente en trámite de ratificación por España e que, no seu artigo 6, establece que “o privilexio deberá cubrir polos menos os créditos laborais correspondentes ... d) ás indemnizacións por fin de servicios adebedados ó traballador con motivo do remate da relación de traballo”.

Para finalizar este apartado, diremos que cabe botar de menos que esta modificación do número 5 do artigo 32 do ET, por Real decreto lexislativo 1/95, do 24 de marzo, non fose acompañada de igual modificación do apartado 3º do artigo 246 da Lei de procedemento laboral, que segue mantendo a mesma redacción antiga (idéntica á anterior do artigo 32 nº 5 do ET que deu lugar á polémica citada), non obstante modifica-lo contido da LPL polo Real decreto 2/95, do 7 de abril, desaproveitando unha oportunidade histórica para apaga-los últimos rescaldos da polémica estudada.

3. *Excepcións ó dereito de execución separada*

No noso sistema o dereito de execución separado non opera sempre ó impedilo a propia dinámica dos procedementos concursais. Nalgunha ocasión, a excepción que impide a súa eficacia é xa clásica, noutros casos, a excepción prodúcese en virtude de normas recentes ou por construcións doutrinais. Vexámolas posibilidades:

a) A excepción máis clásica á operatividade do dereito de execución separada é o suposto en que o crédito do traballador poida ser cualificado como "débeda da masa", isto é, como concreción de gastos necesarios para a propia administración do concurso, suspensión de pagos ou quebras que -a diferenza do que sucede coas débedas anteriores á iniciación do procedemento, as chamadas "débedas do quebrado ou do concursado", poden ser reclamados xudicialmente, e executados no seu caso, á marxe do procedemento concursal.

Na medida en que se pode considerar que as débedas así descritas naceron dunha relación laboral e que non existe, respecto delas, efecto atractivo do procedemento concursal, poderán ser reclamadas ante a Xurisdicción Social, nos termos previstos no artigo 2 da LPL. Ó exceptuarse do concurso, en suma, exceptúase tamén a forza atractiva da competencia do xuíz civil para o coñecemento destas materias, restaurándose a normalidade do procedemento laboral.

Esta institución foi reiteradamente considerada aplicable ás débedas laborais nadas contra o concursado durante o procedemento colectivo, na medida en que, como reconece o artigo 51.11 ET, a iniciación daquel non extingue necesariamente as relacións laborais.

A cuestión, obviamente, é dilucidar a partir de qué momento se produce o deslinde entre débedas do concursado e débedas da masa, e, por conseguinte, os créditos posteriores han de recibilo tratamento propio destas últimas.

O problema nace porque, en practicamente tódolos procedementos concursais, se poden distinguir dous momentos temporais claves á hora de iniciais: a resolución xudicial de ter por admitida a solicitude e, por outro lado, a resolución posterior en que o xuíz, á vista da documentación presentada e dos informes recibidos polos órganos designados para os efectos declara o suxeito pasivo incurso no procedemento colectivo de que se trate.

É posible en principio soste que ámbolos dous momentos son aptos para entender vixente a liña divisoria entre as débedas anteriores e as débedas da masa. Sen embargo, neste debate,

a Sala do Social do TS parece inclinarse maioritariamente por entender que no procedemento de suspensión de pagamentos teñen a consideración de débedas da masa as obrigas nadas con posterioridade ó momento en que o órgano xudicial dicte providencia en que teña por admitida a solicitude do inicio do procedemento (isto é, a primeira das posibles dictadas). E, respecto da quebra, ó momento en que se dicte o auto polo que se declara incurso en quebra o suxeito afecto.

Agora ben, ¿que ocorre nos supostos en que o nacemento da obriga se declara por, ou depende, dunha resolución dun poder público?

A dificultade nace coa frecuente existencia de resolucións dos poderes públicos que por si mesmas teñan virtualidade para depurar as consecuencias obrigatorias de feitos ocorridos con anterioridade á decisión de que se trate, e á vez, para crear novas obrigas vinculadas ó seu cumprimento.

Nos casos máis frecuentes, pénsese en resolucións xudiciais vinculadas á extinción dos contratos de traballo, estas, por un lado, concretan a responsabilidade derivada dos actos lícitos ou ilícitos do empregador mediante a cuantificación de indemnizacións. Pero, ó mesmo tempo, xeran novas obrigas, o cumprimento das cales (de estar iniciado xa o procedemento concursal) non lle corresponde decidir na súa plenitude ó concursado, senón ó órgano do citado procedemento. Todo iso, claro está, nos complexos supostos de transición que seguen á declaración de inicio dun procedemento concursal.

A declaración de improcedencia ou nulidade do acto extintivo implica un reproche xudicial á anterior actuación ilexítima do empregador. Pero se o despedimento foi acordado por iniciativa deste, as súas consecuencias patrimoniais non han de cristalizarse ata un momento posterior, cando se produza a revisión xudicial. Iso non impide que esas consecuencias económicas se vinculen a aqueles actos e poidan impurtárselle con exclusividade ó suxeito que os puxo en marcha, dado que os órganos de administración da quebral, ou da suspensión non tiveron neles intervención ningunha, nin para acordalos nin para evitalos. A cualificación destas como débedas do quebrado ou do suspenso devén unha consecuencia natural.

b) Outra excepción posible sería a fundada no que a doutrina chama “teoría dos actos propios vinculantes”: que lle impediría ó traballador acudir primeiro a unha vía civil e despois abandonala, para ir á social. É necesario, sen embargo, matizalo alcance desta excepción. O primeiro que ha de poñerse de relevo é que a execución separada é unha posición de reforzo do

dereito de crédito dos traballadores que, sen renunciar a el, pode ser desbotada por estes, únicos xestores do seu dereito, se estiman conveniente ou máis axeitada a defensa do mesmo dentro do concurso. Esta sería unha consecuencia natural do carácter adxectivo da garantía, que unicamente permite reforza-lo crédito por unha determinada vía procesual, pero que non pecha outras abertas nas normas específicas dos procesos concursais.

É máis, en virtude do artigo 16 do RD 505/85, se os traballadores queren acceder ó aboamento das prestacións do FGS, establecidas no artigo 33 n^o 1 do ET, por quebra suspensión de pagamentos ou concurso da empresa, están obrigados á insinuación dos seus créditos salariais no procedemento concursal, sen que poidamos falar, por iso, dunha renuncia tácita ó dereito de execución separada. Así pois, e en xeral, a obriga de insinuarlos créditos laborais no concurso encóntrase teleoloxicamente orientada á salvagarda ulterior dos intereses do FGS –da mesma forma que están, por exemplo, os procedementos de audiencia a este nos distintos procesos de execución-. A lóxica conclusión é que, en principio, non estorbe o dereito de execución separada, nin poida obstar á mesma o que, contemporaneamente, os traballadores insinuasen o seu crédito no procedemento concursal, posto que de ningún xeito a insinuación de créditos pode ser interpretada como unha opción voluntaria por aquel en detrimento da execución separada (unha vez insinuado o crédito laboral, este protexeuse por outro dereito interno ó concurso que reforza a súa efectividade: o dereito de abstención. E téñase en conta que, este peculiar dereito, autoriza os suxeitos que o exerzan e o vexan recoñecido no momento en que insinúen o seu crédito, a autoexcluirse do procedemento de negociación do convenio a que se pode chegar no curso do procedemento e a non verse afectados polos seus resultados.

Estando así as cousas, provócase a concorrencia simultánea de dúas técnicas distintas de execución sobre os créditos salariais –a individual (ante a xurisdicción social) e a colectiva-. Esta non é unha consecuencia estraña, ó contrario, é un sub-producto necesario do sistema de ordenación, non xa independente, senón absolutamente desconectado, dos procedementos concursais en si mesmos e desde a perspectiva laboral.

A conexión lóxica entre ámbolos dous procedementos require, se se opta pola execución separada, unha conducta inequívoca dos traballadores, que amose a vixencia da súa opción pola técnica prevista no artigo 32.5 ET. Esa conducta inequívoca conduce, en último extremo, case a unha total inactividade no procedemento concursal, pero só respecto dos créditos que se-

xan ou poidan ser anticipados polo FGS ou ben respecto dos créditos que sexan ou poidan ser anticipados polo FGS ou ben respecto dos créditos que estean protexidos polo dereito de execución separada e que se traten de facer valer a través desta vía excepcional de execución laboral singular, precisamente por que aquí acaban os medios complementarios ou alternativos de protección do crédito salarial previstos na lexislación laboral.

A submisión ás regras do concurso, polo resto, non constitúe unha especie de execución complementaria dos créditos laborais, senón unicamente a fórmula axeitada para proceder a unha execución que non ten alternativas. De aí a necesidade absoluta de que participen os traballadores no procedemento concursal, sen que esta participación poida considerarse unha actuación abusiva, que trate de acumular para un mesmo crédito de idéntica contía e natureza as vantaxes de ámbolos dous procedementos de execución. Esta última é, parece, a conducta que unicamente pode prohibirse nunha interpretación lóxica e combinada das regras do artigo 32.5 ET e as que presiden os distintos procedementos concursais. Sendo esta a que tratan de evita-los defensores da teoría dos actos propios vinculantes. Tese recollida xurisprudencialmente por sentenza do Tribunal Supremo de 12/02/85, segundo comentario da profesora Fernández López “sería o complexo caso da sentenza do TS 12/02/85, en que os traballadores dunha empresa declarada xa en quebra (aunque nese momento aínda non foron nomeados os síndicos) solicitan a resolución dos seus contratos por falta de pago. Para solicitar prestacións do FGS insinuaron os seus créditos na masa da quebra, participando activamente no procedemento (tres deles, incluso, chegaron a ser nomeados síndicos da quebra) e, unha vez percibidas as prestacións do Fondo, solicitan a execución separada da sentenza, polas cantidades non cubertas pola entidade aseguratoria. O xulgador de instancia –e o TS, que confirman a súa resolución– estima que entón a execución separada xa non é posible posto que os traballadores “actuaron os seus dereitos con posterioridade ó xuízo de quebra ... e pretenderon a execución cando tódolos bens estaban xa integrados naquel e eles mesmos incorporados á quebra de maneira activa”.

Sen embargo, como pode observarse, a reticencia xudicial non deriva tanto de que se trate dunha execución solicitada moi tardiamente –á fin e ó cabo a garantía de execución separada non pode quedar suspendida polo defectuoso funcionamento da administración de xustiza– senón porque, tal e como se desenvolveron os feitos, os traballadores parecían querer alternar para a satisfacción dos seus dereitos ámbolos dous procede-

mentos, o concursal e o de execución singular. E é esa combinación a que o TS rexeita”.

c) Outras excepcións ó dereito de execución separada son aquelas que se poidan impoñer ó fío de procedementos especiais de execución colectiva dos bens dalgunhas categorías de empresas, dada a transcendencia da actividade que desenvolven sobre os dereitos dos consumidores e, en xeral, sobre a estabilidade económica de todo o país ou de significativas zonas do mesmo. Nesta liña, a máis significativa é a regulada no artigo 32 da Lei de ordenación do seguro privado (Lei 33/84), referida á intervención por parte do Ministerio de Economía e Facenda na liquidación de empresas aseguradoras –senón se producise a declaración xudicial de quebra ou suspensión de pagos–.

Nestes casos, “as accións individuais que exercitasen os asegurados antes do comezo da liquidación ou durante esta, poderán continuar ata obter sentenza firme, pero a súa execución quedará suspendida e o crédito ó seu favor liquidarase cos dos demais asegurados. Igual norma se lles aplicará ós restantes créditos que non deriven do contrato de seguro” (ap.1). Unha regra con tal xeneralidade que non deixa lugar a dúbidas de que operará sobre todo acreedor con dereito de execución separada; tamén os laborais.

O Tribunal Constitucional, na súa importante sentenza 4/88, do 21 de xaneiro, analizou a lexitimidade constitucional da supresión do dereito de execución dos créditos laborais nos supostos de crises de empresas aseguradoras. Resumindo o esencial da súa doutrina pode citarse este apartado do f.x. 6: “nin a execución das sentencias laborais se beneficia fronte ás dictadas polos órganos xudiciais das restantes ordes xurisdiccionais, de ningunha preferencia garantida pola CE”, nin os artigos 4.6 do RDL 10/84 do 11 de xullo, e 32 da Lei de ordenación do seguro privado “modifican en nada as normas de prelación contidas no artigo 32 ET en favor dos créditos salariais” –anque neguen o dereito de execución separada previsto no apartado 5 do citado precepto– “na media en que se considere equivalente a un procedemento concursal o procedemento de liquidación de entidades de seguros regulado naquelas normas, nin esta negación é total, posto que o que suspende é a execución da sentenza, non as actuacións procesuais que conducen a ela, nin pode sosterse ... que o principio en cuestión (de execución separada das sentencias laborais) forme parte do contido do artigo 35 CE, porque este ó impoñe-la necesaria tutela dos intereses dos traballadores, non impide tutelar outros constitucionalmente amparados, como, no caso en cuestión dos consumidores (asegurados).

4. *Problemática da admisión da execución separada en calquera fase do procedemento de execución colectiva*

Como expón o profesor Ríos Salmerón, na súa coñecida obra sobre os privilexios do crédito salarial. "Conceptualmente, no es fácil fijar los límites precisos en que el fenómeno de la ejecución separada se mueve; se trata, desde luego, de que las Magistraturas (sic) puedan tramitar ejecuciones por créditos laborales, pese a la existencia simultánea de un juicio universal; lo que no está claro es hasta qué extremos puede llegar el Juez laboral, en función del momento en que inicie su actuación, por referencia a la fecha de apertura del concurso". Son estas dúas últimas frases "en función del momento ... por referencia a la fecha de apertura del concurso", as que nos indican que o factor tempo ten un papel fundamental nesta materia. Na medida en que entendamos cómo e ata ónde xoga ese factor, concibiremos un tipo ou outro, máis ou menos amplo de execución separada. En concreto, trátase de esclarecer se existe límite temporal ó exercicio desta garantía.

En principio, da lectura literal do precepto, dedúcese que a garantía de satisfacción separada do crédito se proxecta tanto ós procesos de declaración como ós de execución (a ambos di a xurisprudencia, pode entenderse referida a expresión "accións" contida na norma estatutaria), E, paralelamente, a referencia ó momento temporal do exercicio das accións para o cobramento dos créditos non se concreta: dise na norma que as accións que os traballadores poidan exercitar para o cobro dos créditos a que se refire este artigo non quedarán en suspenso polo inicio dos procedementos concursais. Como di a profesora Fernández López, a referencia ás "accións", e non ós procedementos –conceptos que, por xenerosa e impropriamente que se manexen non son coextensos– produce, de entrada, a impresión de que esta é unha regra de vixencia intemporal, e que, polo tanto, pode ser exercitado o dereito que confire en calquera estado do procedemento concursal, antes de que comezase ou despois de facelo, por créditos anteriores á declaración de inicio do procedemento concursal.

Tendo en conta a estrutura dos procedementos concursais e o carácter excepcional das regras que garanten a integridade da masa de bens cos que facer fronte –en virtude da cal resulta discutido o que caiba sequera o embargo de bens integrado na masa–, unha norma de tal amplitude como a contida no artigo 32.5 ET require un amplo esforzo interpretativo para coordinala coas que presiden os procedementos concursais, en canto xustamente estas van en sentido contrario.

Tendo en conta, ademais, que, cando o dereito a satisface-

los créditos separadamente se exercita polos traballadores, existe unha ampla inseguridade sobre algúns extremos cruciais: ata ónde pode chega-la contía da débeda contraída fronte ós traballadores e, sobre todo, qué ben ou qué bens poden quedar afectados por este dereito, posto que, como é sabido, os privilexios do crédito salarial –salvo o refaccionario– suxeitan a garantía daquel a tódolos bens do empregador, encóntrense ou non afectados á organización productiva na que se prestan servizos (en interpretación conxunta dos artigos 32 ET e 1911 CC). Deste xeito, a integración do activo –esencial en todo procedemento concursal, sexa cal sexa a súa especie e finalidade– queda gravemente dificultada. Por esta razón, sostívose a conveniencia de que o dereito recoñecido no artigo 32.5 ET se interprete de forma restrictiva, e se lle deixe un radio de acción limitado, polo menos no temporal, para que a institución concursal non termine perdendo os seus perfís pola hipertrofia da garantía de execución separada. Neste sentido, os antecedentes históricos do precepto, e a translación da resposta que lle dá a Lei de suspensión de pagamentos a un problema semellante (no artigo 9 da mesma) constitúen fortes puntos de apoio para esta operación restrictiva. Non sucede isto polo feito mesmo da execución separada; nin sequera porque sexa xuridicamente difícil de concibi-lo embargo de bens suxeitos a un procedemento concursal. Máis ben trátase de solucionar un problema formulado pola profunda alteración que institucións como esta provocan na dinámica do procedemento concursal. A ruptura do principio *par conditio creditorum* é, de por si, unha excepción contraria a esa dinámica, pero se ó seu carácter excepcional se une o feito de que as contías das débedas que poden executarse separadamente poden ser moi elevadas, e, ademais, sucederse no tempo indefinidamente, atoparémonos bastante máis cerca das razóns polas que se tendeu a limita-lo alcance desta garantía: trátase, simplemente, de facilitar que, nun momento concreto e determinado se consolide de forma definitiva a masa activa. E trátase, así mesmo, de que esta teña entidade suficiente como para que todo o procedemento concursal non se movese no baleiro.

Por esta razón, a Xurisprudencia inicial que interpretou o ET tratou de corta-lo problema de raíz, indicando que o proceso de execución colectiva era unha forma apta para exercita-las accións de execución, e que, polo tanto, a virtualidade do artigo 32.5 ET podía despregarse mediante o desprazamento das ditas execucións singulares ó procedemento concursal (así sentenza do TCT do 16 de setembro de 1982, que razoa: “só a través da Maxistratura poderá obterse a execución dun crédito salarial; agora ben, se este crédito legalmente ten previsto que a súa preferen-

cia e privilexio sexa recoñecido nun xuízo de execución xeral, non cabe outra conclusión, senón que na opinión xeral cheguen por actuación da Maxistratura, non só declarativa do crédito, senón executante do mesmo ata onde non interfira na actuación e competencia do órgano da execución xeral, que debe ser o que continúe a actividade executante iniciada polo Tribunal de Traballo, a decisión do cal non entraña unha suspensión ou paralización da execución, que sería o contrario ó invocado nº 5 do artigo 32 do ET, senón que significa darlle outra canle procesual á execución; “engadindo, parágrafos despois” polo que o recto e útil consiste en declara-lo crédito, a súa natureza e a súa executividade polo órgano xudicial laboral, único competente ó efecto, e incorpora-lo dito crédito á execución xeral, na que incluso pode concorrer con outros créditos preferentes...”)

A postura que o TCT adopta nesta razoada sentenza recondúcese a unha afirmación básica: que a non suspensión de execucións, decretada polo artigo 32.5 ET, non equivale a que o Xulgado do Social prosiga a iniciada, pese á existencia dun procedemento de execución colectiva; senón que sexan trasladados os créditos en execución ó dito procedemento colectivo, para a súa graduación e pagamento. A verdade é que tal conclusión, á parte de contradicilos antecedentes do precepto estatutario e a súa discusión parlamentaria, faino completamente inútil e desprovisto de sentido, pois non facía falta previsión específica ningunha para que os traballadores puidesen concorrer a un xuízo universal, e para que puidesen face valer nel os seus singulares privilexios, tal e como acertadamente critica Ríos Salmerón.

A partir de dúas coñecidas sentencias da Sala de Conflictos de Competencia do TS, do 28 de xaneiro de 1983, ábrese un novo camiño ó afirmarse por estas tallantemente que o dereito de execución separada abarca o “exercicio das accións por parte dos traballadores antes as maxistraturas de traballo en reclamación dos salarios que lle sexan debidos e a execución das sentencias que nestes procesos se dicten non queda en suspenso pola iniciación do oportuno xuízo universal no suposto de quebra ou suspensión de pagamentos das empresas debedoras dos ditos créditos”. A intanxibilidade do proceso laboral polo concursal, pois, chega ata o momento mesmo do exercicio da acción declarativa do dereito e prosegue ata a súa realización coactiva, como apunta a profesora Fernández López. E esa interpretación foi a seguida despois, con toda seguridade, polos nosos tribunais, que, polo xeral, nin sequera alegaron a argumentación que no seu momento elaborou o TS nas referidas sentencias (así en sentencias do TS.Soc: 23/10/86, 10/12/87, 26/2/90, entre outras; e auto do 25/6/93 da Sala de Conflictos).

Palmariamente queda recollida, pois, a posibilidade de que, unha vez iniciado o procedemento concursal, poidan seguir exercitándose accións declarativas o mesmo que executivas, e que unhas e outras permanecen intanxibles fronte á consabida forza de atracción daqueles procesos. Os inconvenientes que esta interpretación poida traer consigo non son, esta vez, tidos en conta para matizar ou altera-la regra literalmente extraída da norma.

Pero, precisamente matizando, hai que ter en conta que a dita posición xurisprudencial arranca dun concreto suposto, do que parte a fundamental sentenza do TS do 28/1/83: que a execución laboral está iniciada cando se produce a apertura do procedemento de execución colectiva (“partindo das circunstancias concorrentes no suposto de autos, que manifesta a inicación do xuízo universal despois de comezada a execución da sentenza...”, di textualmente a dita sentenza, e recollen tamén o resto das citadas), co que quedaría pendente de solución o caso da execución laboral aínda non iniciada cando está en marcha o procedemento de execución colectiva. A doutrina máis cualificada entendeu que o dereito de execución separada tansó afecta ás execucións pendentes antes de que se inicie o procedemento concursal. Deste xeito, adóptase unha fórmula moi semellante á que opera no caso da suspensión de pagamentos para supostos de procesos de execución -para a satisfacción determinados créditos de garantía real_ pendentes no momento en que se teña por iniciada a declaración, rompendo a regra xeral do artigo 9j da LSP. Nin que dicir ten que, en caso de que se trate de execucións que se inicien despois de comezado o procedemento concursal, a regra é a incorporación ó concurso, nesta liña restrictiva. Unicamente a importante sentenza do TS, do 12/2/85, que supón unha excepción á reiterada xurisprudencia na materia, parece querer segui-la dita maioritaria doutrina, denegándolles ós traballadores, neste segundo suposto, a execución separada “... a execución separada xa non é posible posto que os traballadores actuaron os seus dereitos con posterioridade ó xuízo da quebra ... e pretenderon a execución cando tódolos bens estaban xa integrados naquel”.

Pero o certo é que a lei non distingue entre si non se iniciou o procedemento concursal ou se este está en tramitación, para permitirlles ós traballadores o exercicio do dereito á execución separada. O teor do artigo 32.5 é rotundo e non admite supostos.

Outra cousa e que sexa desexable establecerlle límites a este dereito, en pro de que non se produzan distorsións nos procedementos concursais e estes non se movesen no baleiro. Desde

este prisma a única solución, desde logo forzando a norma, sería formular unha tese arriscada: partindo de que o artigo 32 nº 5 de ET utiliza o termo tramitación, e que esta non inclúe o convenio (porque precisamente este supón o final da fase de tramitación da execución colectiva) poderíamos entender que a execución separada é posible mentres os procedementos de execución colectiva estean en trámite. Pero, unha vez aprobado o convenio de acredores, fixada a masa activa e preparándose o inmediato pagamento ós acredores, non sería posible o exercicio do dereito de execución separada polos traballadores. Iso, porque nese momento, é cando a regra de *par conditio* adquire a súa maior intensidade, a súa verdadeira razón de ser, e, evidentemente, de iniciárense execucións separadas neste momento, é cando se producirían os maiores inconvenientes prácticos –porque a definitiva fixación da masa activa non sería posible nunca– e porque iniciado o pagamento, a execución separada formularía practicamente problemas irresolubles. De aí que, fixada a masa activa nos termos que se dixeron xa non sería posible o embargo de bens¹. Como sostén Conde Martín de Hijas, non existe base para fundar no número 5 do artigo 32 ET “un dereito de persecución individualizada, ni genérica, de bienes de masa do concurso, extrayéndolos o separándolos de esta, mediante el embargo, para realizarlos en el proceso singular. Una cosa es la posible continuidad del proceso laboral al margen del concursal, separación de la acción, y otra cosa es que, además, se le agregue el beneficio de un derecho de persecución, que implica afectar individualmente, a la responsabilidad por el crédito laboral, unos ciertos bienes, sustrayéndolos así de la afectación que tienen ya, en otro proceso, en favor de la universalidad de los créditos”. Este posible dereito substancial só se daría, pois, cando existise unha norma taxativa que así o establecese; e non é o caso. O precepto permite formalmente a continuidade da acción e o proceso laboral fóra do concursal, e iso tanto da acción declarativa como da posterior executiva, pero como opina Conde Martín de Hijas “... mas esa autonomía procesal no se potenció, además, con una garantía de concreta persecución real a efectos de embargo”.

Dalgún xeito é posible atopar un principio semellante nas regras que marcan a pauta para o exercicio das tercerías no procedemento civil (artigo 1535 e 1536 de LEC), e no procedemento laboral (artigo 273 e 258 de LPL). Unhas regras en que se trata de posibilita-la defensa do dereito do terceiro, pero marcando límites temporais, máis alá dos cales a tercería perdeu o seu sentido, e esa defensa conduce a absurdos ou a procedementos de execución potencialmente interminables.

¹ Ata certo punto, podemos considerar como antecedentes tímidos desta posición, as argumentacións empregadas pola sentenza do TS Social do 15/12/88, a eficacia da insinuación do crédito indemnizatorio no concurso “non pode descoñecerse posteriormente cunha auténtica revocación parcial que se concreta nunha pretensión de execución separada da parte de indemnizacións non aboada polo Fondo”, pois “aínda que non se lle dese á solicitude de inclusión do crédito o alcance dunha declaración formal de vontade de acepta-las condicións de pago previstas no convenio, non cabe dúbida de que a actuación do recorrente (...) configuran claramente unha conducta xuridicamente relevante (...) que, en canto contradí abertamente aquela actuación vulnera as regras que impón o respecto ós actos propios, descoñecendo tamén (...) as esixencias da boa fe cara ó organismo mencionado”.

Non obstante, temos que rematar este apartado, afirmando, ó igual que o fai a profesora Fernández López, no seu brillante traballo sobre este tema, que nin esta nin ningunha outra limitación semellante foi utilizada polos nosos tribunais, que se limitan a reiteralo dito no seu momento pola Sala de Conflictos de competencia do TS.

5. Breve estudio do anteproxecto de lei concursal de 1995: o seu efecto sobre o dereito de execución separada

A reforma da lexislación concursal é quizais unha das tarefas máis urxentes e tamén máis delicadas de entre as que aínda se atopan pendentes no Dereito español. As normas xudiciais vixentes, dispersas en corpos legais moi distintos, hai tempo que foron superadas polas transformacións económicas e sociais. Os sucesivos intentos de reforma estiveron condenados ó fracaso a pesar da conciencia xeneralizada da necesidade de reforma.

Actualmente, iniciouse de novo a reforma do dereito da crise da empresa no seo da Comisión xeral de codificación, á que o 12 de decembro de 1995 se lle entregou unha Proposta de anteproxecto de lei concursal, elaborada polo profesor Ángel Rojo Fernández-Río, catedrático de dereito mercantil da Universidade Autónoma de Madrid e vocal permanente da referida comisión. O dito anteproxecto, á beira de solucións orixinais, incorpora normas procedentes do máis que notable Anteproxecto de lei concursal do 27/6/83. Este anteproxecto suscitou un amplo debate que permitiu sentar as bases da reforma de novo iniciada, tendo en conta que no tempo transcorrido desde a súa publicación se produciu unha considerable evolución económica e social e que, noutros países do noso contorno, se produciron importantes modificacións lexislativas. Na opinión do profesor Beltrán, un dos indubidables méritos da proposta do profesor Rojo é, precisamente, saber conciliar os logros daquel texto prelexislativo coas máis modernas concepcións sobre o que debe ser a lexislación concursal.

Vexamos en que afectaría este Anteproxecto ó dereito de execución separada que estudiamos. O dito anteproxecto contén unha disposición adicional oitava que propugna unha nova redacción do artigo 32 do ET. E dentro do mesmo unha diferente redacción do número 5, do teor literal seguinte. "As accións que poidan exercitalos traballadores para o cobro dos créditos a que se refire este artigo só quedarán en suspenso nos casos e durante o tempo establecido pola Lei Concursal". Así mesmo contén unha disposición derogatoria 13, relativa ó apartado 3º do ac-

tual artigo 246 da Lei de procedemento laboral (que consideraba tamén a execución separada).


As ditas disposicións do anteproxecto non son máis que unha consecuencia coherente dunha nova regulación concursal, incompatible, por absolutamente contradictoria, coa redacción actual do artigos 32 do ET e 246 de LPL.

Examinando o anteproxecto, atopámonos, pois, cunha serie de normas que eliminarían de raíz a posibilidade de execución separada, tal como a concibimos actualmente. Así, sen pretender ser exhaustivos: o artigo 61, relativo á prohibición de novos xuízos (“os acredores do debedor, anteriores á declaración do concurso, non poderán interpoñer demanda de xuízo declarativo ou executivo ante xuíces ou tribunais da orde civil ou da orde social...”). Tódolos acredores do debedor, anteriores á declaración do concurso, ordinarios ou non, quedarán de dereito integrados na masa pasiva do concurso (artigo 60). Se ben se permite a continuación dos xuízos declarativos que estean en tramitación ó tempo de declaración do concurso, ata que recaia sentenza, vinculando o xuíz do concurso, tal como establece os artigos 62 e 63. En materia de competencia dispón: “O xuíz do concurso é o único competente para acordar execucións e embargos de calquera clase sobre bens e dereitos integrados na masa activa” (artigo 64) e, por suposto, no tema de execucións: “declarado o concurso, ningún acredor poderá iniciar execucións por débedas anteriores”, “as execucións xudiciais ou extra xudiciais, fosen ou non acumuladas, e os constrinximentos administrativos iniciados antes da declaración de concurso, así como os embargos que se practicasen, quedarán en suspenso desde a data desta declaración, sen prexuízo do privilexio que poidan ter dentro do concurso os créditos correspondentes” (artigo 65); “as execucións pendentes das que no momento da declaración de concurso estean coñecendo xuíces ou tribunais da orde civil ou da orde social serán acumuladas ó concurso, salvo que tivese lugar xa a poxa e se adxudicase o ben u o dereito ó rematante”, “en canto coñeza a existencia de execucións xudiciais ou extraxudiciais, o xuíz do concurso dirixirse a quen corresponda para que, segundo os casos, remita sen demora os autos ou testemuños das actuacións” (artigo 66).

Así mesmo establécese unha nova clasificación de créditos privilexiados: con privilexio especial (sobre determinados bens ou dereitos) e con privilexio xeral (sobre a totalidade do patrimonio do debedor.) Incluindo o artigo 125 ós créditos laborais entre os que gozan de privilexio xeral, da forma seguinte: “1- Son créditos con privilexio xeral os seguintes. 1º. os créditos ex-

tracontractuais 2º. os créditos por salarios devengados durante o ano anterior á declaración de concurso 3º. os créditos por traballo persoal e pola cesión de dereitos de explotación da obra literaria, artística ou científica devengados durante o ano anterior á declaración de concurso 4º. os créditos por despedimento e os demais créditos laborais ... 2- Non terán a consideración de créditos con privilexio xeral os créditos salariais, por despedimento e os demais créditos laborais dos que fose titular a persoa pertencente á alta dirección". Observándose dúas propostas de grande interese: a) atribúeselles privilexio xeral ós acredores extracontractuais, dada a súa característica de acredores involuntarios, e por diante dos créditos laborais que non gozan de superprivilexio (créditos por salarios devengados durante os tres meses anteriores á declaración de concurso, que gozan de preferencia sobre calquera outro crédito, aunque teña privilexio especial, segundo artigo 195). b) reordénase a posición xurídica dos acredores por salarios e distínguese entre traballadores ordinarios e persoas pertencentes á alta dirección (os créditos destes últimos non gozarán de privilexio)

Dispoñéndose a orde de pagamento ós acredores no artigo 195 (onde se establece que os créditos con privilexio especial se satisfarán con cargo ós bens afectos, e os créditos con privilexio xeral, con cargo ós demais bens e dereitos que integran a masa activa. Coa excepción dos créditos salariais que gozan do superprivilexio, anteriormente mencionado, que gozan de preferencia sobre calquera outro crédito) e no artigo 197 (se a masa activa que quedará unha vez satisfeitos os créditos con privilexio especial fose insuficiente para satisfacer tódolos créditos con privilexio xeral, o pagamento realizarase pola orde establecida no artigo 125, a prorrata dentro de cada número).

Como vemos, de callar este anteproxecto, suporía a desaparición do dereito de execución separada que estudiamos. Supomos que se abrirá un debate enriquecedor entre os xuristas que aplaudan este anteproxecto, a prol dunha coherencia normativa anteriormente inexistente, e os que o critiquen, por entender que o traballador queda despojado dun dereito para a defensa dos seus créditos, asentado, como vimos, doutrinal, xurisprudencial e legalmente. Queda, pois, en mans da Comisión xeral de codificación, de tódolos xuristas interesados y, fundamentalmente, do Goberno e Parlamento actuais, un labor transcendental. 

- ALONSO OLEA M., e CASAS BAAMONDE M.E., *Derecho del trabajo*, Universidad Complutense de Madrid, 1994.
- BELTRÁN, E., "Una nueva propuesta de ley concursal", *Revista Actualidad Laboral*, n° 237/96.
- BORRAJO DACRUZ, E., "La nueva ley de Procedimiento laboral, (Real Decreto legislativo 521/90, do 27 de abril). *Revista de Derecho Privado. Comentarios a las leyes laborales*. Edersa, Alcobendas, Madrid, 1990.
- CAMPO MORENO, J.C., "Efectos de la declaración judicial de quiebra de la empresa sobre las relaciones laborales. *Cuadernos de Derecho Judicial, Derecho Concursal*, CXPX, Madrid, 1992.
- CONDE MARTÍN DE HIJAS, V., e Fernández de la Vega Sanz, M.T., *Procedimientos concursales y Derecho de los Trabajadores*, Abogados Jóvenes, Madrid, 1982.
- DIEZ PICAZO, L., *Fundamentos del Derecho Civil Patrimonial*, Tecnos, Volume I, Madrid, 1991.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, M.F., "Concurrencia entre ejecución laboral y ejecuciones concursales en el Ordenamiento Laboral Español", *Revista de Relaciones Laborales*, Tomo I, 1993.
- LUELMO MILLÁN, M.A., "La influencia de la situación de suspensión de pagos y del estado de quiebra en el proceso laboral", *Revista Actualidad Laboral*, n° 35/95.
- MAJADA, A., *Práctica Concursal*, Boch, Barcelona, 1989.
- MONTOYA MELGAR, A., *Derecho del Trabajo*, Tecnos, 11° edición, Madrid, 1990.
- GALIANA MORENO J.M., SEMPERE NAVARRO A.V., e RÍOS SALMERÓN B., *Comentarios al Estatuto de los Trabajadores*, Aranzadi, Pamplona, 1995.
- NARVAEZ BERMEJO, M.A., "Puntos críticos sobre las garantías del privilegio salarial", *Revista Actualidad Laboral*, n° 13/93.
- PERALTA ORTEGA, R., "La Reforma Laboral y la protección de los créditos laborales", *Revista Actualidad Laboral*, n° 21/95.
- PLANES i BATALLA, M., "Las deudas laborales en la suspensión de pagos. Comentario a la STS de 25/01/91, *Cuadernos de Derecho Judicial, Derecho Concursal*, CXPX, Madrid, 1992.
- REBOLLEDO VARELA, A.L., "Los créditos salariales sin privilegio especial y la Tercería de mejor derecho: el art. 32.3 del ET. (Las indemnizaciones por despido o cese como créditos no privilegiados)", *Revista Aranzadi Social*, Volume IV, 1993.
- RÍOS SALMERÓN, B., *Los privilegios del crédito salarial*, Civitas, 1ª Edición, Madrid, 1984.
- , "Jurisprudencia sobre los privilegios del crédito laboral", *Revista Aranzadi Social*, Volume I, 1996.
- VELA TORRES, P.J., "Problemática de los créditos salariales en los procedimientos concursales", *Cuadernos de Derecho Judicial, Derecho Concursal*, CXPX, Madrid, 1992.